



Casa Grande de Xanceda 14-2-71-

Sr. Xose' Maria Monterroso  
Cáceres.-

Meu estimado amigo:

En chegando antonte a Cruna atopei na "Voz de Galicia" a sua carta e mais o orixinal das poesias. Onte pola serán leinas, leinas duas veces. A min persoalmente parecenme moi boas, coido que refleixan moi ben o seu sentimento, que estan escritas en boo galego e ~~que refleixan~~ <sup>con</sup> un coñecimento fondo da poesia tradicional dos cancioneriros medievás. Eu penso que a poesia non ten porque ser "comprometida", sino ~~reflexar~~ <sup>revelarnos</sup> o mundo intimo do autor. Vostede, repito, faino moi ben.

O que pasa e que a miña opinion ten moi cativa validez. Eu non son persoa culta e non teño coñecimento fondos da ciencia de trovar. Tampouco podolle aconsellar moito respecto a publicacion, coido falando dende a miña experiencia que non e facil. O primeiro libro que eu fixen editeino pola miña conta e non o volveria a fazer, a distribucion polo propio autor e sempre un fracaso.

A unica cousa que se me ocorre e que, si lle parece ben, podolle deixar o seu manuscrito a don Ramon Pineiro de Galaxia, home ben entendido, namorado da cultura galega, con fondos coñecimentos da mesma e que pode millor que ninguén darlle un consello.

Si, recibin a sua postal, pero este ano estaba tan agobiada pola traballo, nesta vida de tan pouco sosiego que levo que non respondin a ningunha das felicitacións recibidas. ~~Reciban~~ Tenen que perdoarme.

Reciban os dous, madre e fillo, os meus garimosos saudos

Victoria Armesto

Victoria Armesto